Tema 3	Vixiancia da saúde e primeiros auxilios. A xestión da prevención. Recoñecementos médicos. Hemorragias. Queimaduras. Reanimación cardiopulmonar. Feridas. Amputacións.
Tema 4	Descrición, utilidade e manexo das máquinas, ferramentas e útiles máis comúns para o desenvolvemento das funcións propias do posto de chófer-palista. O camión con grúa, o camión motobomba, a pala mixta, A desbrozadora, a motoserra, o cortacésped, pequenas ferramentas auxiliares. Mantemento básico.
Tema 5	Señalización, balizamento e defensas. Señalización horizontal e vertical de carreteras. Marcas viarias. Definición das distintas señais de tráfico e elementos de balizamento e defensas. Señalización fixa e móbil de obras. Materiais constitutivos, execución, vixilancia e control.
Tema 6	Obras de terra e explanacións. Terrapléns e pedrapléns. Desmontes. Execución das obras en casos normais.
Tema 7	Drenaxe. Cunetas: materias e execución. Drenaxes profundas: materias e execución. Execución das obras en casos normais.
Tema 8	Mantemento básico da maquinaria: Engrase, aceites, niveis de líquidos (refrigerante, frenos...). Revisións periódicas e obrigatorias.
Tema 9	As brigadas de vías e obras. Operacións de mantemento ordinario, especialmente coa maquinaria (camión, pala mixta, .....)
Tema 10	Firmes e pavimentos. Capas granulares. Mezclas bituminosas. Composición, materias, ensaios elementais e execución

Vilalba, 23 de abril de 2024.- Concelleiro, Eduardo Vidal Baamonde.

R. 1168

*Anuncio*

**Procedemento:** Convocatoria e selección de persoal laboral temporal ao servizo da Corporación

**Número de expediente:** 326/2024

**Asunto:** Anuncio do Boletín Oficial da Provincia relativa á convocatoria dun proceso de selección de 1 posto de peona de obras públicas e 1 posto de limpadora.

Por Resolución de Alcaldía número 2024-0463 de data 23 de abril de 2024, aprobáronse as bases para a contratación temporal de 1 posto de peona de obras públicas e 1 posto de limpadora, ao amparo da subvención concedida pola Secretaría Xeral da Igualdade, expediente (Expte SI426A-2024-26-00).

**Tipo de contrato:** Contrato laboral temporal

**Duración:** 12 meses

**Sistema selectivo:** Concurso

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: A presentación de solicitudes farase no Rexistro Xeral Electrónico do Concello ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación será de 10 días hábiles contados dende a comunicación por parte da Oficina de Emprego ou do Concello de que as candidatas foron preseleccionadas para estes postos.

Infórmase de que as bases completas están expostas na Sede electrónica do Concello de Vilalba ([www.vilalba.org](http://www.vilalba.org)).

Vilalba, 23 de abril de 2024.- O Alcalde en funcións, Modesto Renda Santiso.

R. 1169

Lugo, 30 de xuño de 2023.- a xefa territorial, Pilar Fernández López

R. 2115

### Anuncio

#### CONVENIOS COLECTIVOS

##### Código 27000515011982

Visto o texto da acta provincial de ratificación e aplicación do acordo do expediente AGA 51/23-Convenio colectivo do sector de transporte de viaxeiros por estrada da provincia de Lugo, asinada o día 16 de xuño de 2023 entre a representación empresarial de Transgacar e a representación legal dos traballadores e traballadoras das centrais sindicais CIG, CC.OO. e UGT, e de conformidade co disposto no artigo 90, números 2 e 3, do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos, acordos colectivos de traballo e plans de igualdade ACORDO:

**PRIMEIRO:** Ordenar a inscrición do citado acordo no rexistro de convenios desta xefatura territorial, así como o seu depósito.

**SEGUNDO:** Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 30 de xuño de 2023.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

#### ACTA PROVINCIAL DE RATIFICACIÓN E APLICACIÓN DO ACORDO DO EXPDTE. AGA 51/23 - CONVENIO COLECTIVO DE TRANSPORTE DE VIAXEIROS DA PROVINCIA DE LUGO

En Santiago, a 16 de xuño de 2023, sendo las 11.00 horas, reúnese na sede do Consello Galego de Relacións Laborais, a comisión representativa da mesa negociadora do convenio colectivo do sector de TRANSPORTE DE VIAXEIROS POR ESTRADA DA PROVINCIA DE LUGO, coa asistencia das seguintes persoas, as cales se recoñecen lexitimación mutua para este acto.

Representación sindical

- Martín Martínez Figueiro (UGT)
- José Raúl Rodríguez Vila (CCOO)
- Xesús María Pastoriza Santamarina (CIG)

Representación empresarial

- Leandro Arruti Baqueiro (TRANSGACAR)

Tras varias deliberacións adóptanse os seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** Realizar a aplicación salarial segundo o acordado no expediente do AGA 51/23, sendo expresado nas táboas salariais anexas á presente acta. Dito acordo salarial será trasladado ó texto final do convenio provincial unha vez acadado un acordo final na mesa de negociación da provincia ca salvagarda do período comprendido nos anos 2018-2020 que quedará aberto á negociación provincial.

**SEGUNDO.-** Si a suma do conxunto das retribucións salariais previstas para algún ou algúns dos postos de traballo ou categorías contemplados nas táboas salariais do convenio colectivo resulta inferior ao importe establecido para o SMI, ambos en cómputo anual, dará lugar ao abono dun complemento que será equivalente á diferenza entre o importe do SMI que se fixe para cada ano e as retribucións salariais brutas abonadas no mesmo ano. Este complemento denominarase “**Complemento a SMI**” e será abonado mensualmente en canto se coñeza a diferenza ao comezo de cada ano. Dito complemento terá carácter absorbible e compensable ca finalidade de axustar o devandito complemento ás retribucións salariais brutas anuais das táboas salariais en relación ó SMI.

**TERCEIRO.-** Acórdase facultar ó Consello galego de relacións laborais para que, na persoa que eles designen, leven a cabo o rexistro e publicación no boletín oficial da provincia do presente acordo.

Non tendo máis asuntos que tratar, levántase a reunión sendo as 12,30 horas do día sinalado no encabezamento, asinando os asistentes en proba de conformidade.

#### DOCUMENTO ANEXO DE IDENTIFICACIÓN DE FIRMAS.

#### CONVENIO PROVINCIAL TRANSPORTE DE VIAXEIROS POR ESTRADA DE LUGO.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2023.

#### Parte Patronal:

Leandro Arruti Baqueiro (TRANSGACAR)

DNI: 76820804E

**Parte Social:**

Martín Martínez Figueiro (UGT)

DNI: 52455036V

José Raúl Rodríguez Vila (CCOO)

DNI: 33334079H

Xesús María Pastoriza Santamarina (CIG)

DNI: 76349199D

**VIAXEIROS LUGO - Táboas 2023 provisionais (acordo autonómico Expte. AGA 51-23)****Aplicables dende a súa firma e con efectos retroactivos ó 1 de xaneiro de 2023**

Subida 8%

		Salario diario	Salario mensual	Anual
<b>Grupo I</b>	Xefatura de servizo		1.700,49 €	25.507,38 €
	Inspección Principal		1.515,60 €	22.733,97 €
	Enxeñería e Licenciatura		1.579,18 €	23.687,70 €
	Enxeñería Técnica		1.261,43 €	18.921,41 €
	ATS		1.172,79 €	17.591,87 €
<b>Grupo II</b>	Xefatura de Sección		1.299,88 €	19.498,16 €
	Xefatura de Negociado		1.222,81 €	18.342,15 €
	Oficial 1ª		1.159,48 €	17.392,25 €
	Oficial 2ª		1.111,91 €	16.678,70 €
	Auxiliar administración		1.105,68 €	16.585,13 €
	Aspirante 16-17 anos		SMI	SMI
<b>Grupo III</b>	Xefatura de Estación 1ª		1.338,43 €	20.076,41 €
	Xefatura de Estación 2ª		1.287,03 €	19.305,51 €
	Xefatura de Admnsitración 1ª		1.341,41 €	20.121,12 €
	Xefatura de Administración 2ª		1.287,03 €	19.305,51 €
	Xefatura de Administración.		1.240,44 €	18.606,60 €
	Persoal de taquilla		1.084,12 €	16.261,85 €
	Factor	36,56 €		16.632,53 €
	Persoal encargado de consigna		1.084,12 €	16.261,85 €
	Repartición de mercadoría	35,96 €		16.360,44 €

		Mozo ou moza	35,96 €		16.360,44 €
		Xefatura de Tráfico de 1ª		1.348,00 €	20.220,02 €
		Xefatura de Tráfico de 2ª		1.287,03 €	19.305,51 €
		Xefatura de Tráfico de 3ª		1.235,66 €	18.534,96 €
		Inspectora ou inspector	39,09 €		17.787,32 €
		Persoal conductor	38,89 €		17.696,32 €
		Persoal conductor perceptor	38,89 €		17.696,32 €
		Persoal cobrador	36,17 €		16.455,99 €
		Persoal encargado Xeral de 1ª		1.338,43 €	20.076,41 €
		Persoal encargado Xeral de 2ª		1.287,03 €	19.305,51 €
		Persoal encargado almacén		1.235,69 €	18.535,29 €
		Persoal engraxador lavacoche	35,97 €		16.365,44 €
		Garda de día	35,97 €		16.365,44 €
		Garda de noite	35,97 €		16.365,44 €
		Moza ou mozo de taller		1.338,43 €	20.076,41 €
		Persoal encargado 1ª		1.338,43 €	20.076,41 €
		Persoal encargado 2ª		1.287,03 €	19.305,51 €
		Persoal engraxador	35,97 €		16.365,44 €
		Mozo ou moza de servizo	35,97 €		16.365,44 €
<b>Grupo IV</b>		Xefatura de taller		1.388,47 €	20.827,02 €
		Persoal encargado		1.220,92 €	18.313,73 €
		Persoal encargado de almacén		1.148,71 €	17.230,70 €
		Xefatura de equipo	40,72 €		18.528,06 €
		Persoal encargado Xeral		1.197,71 €	17.965,68 €
		Oficial 1ª persoal conductor	39,46 €		17.953,39 €
		Oficial 2ª	37,81 €		17.202,19 €
		Oficial 3ª	36,58 €		16.642,54 €
		Moza ou mozo de taller	35,61 €		16.203,92 €
		Aprendiz 1º, 2ª, 3ª y 4ª		SMI	SMI

<b>Grupo V</b>		Persoal cobrador de facturas		1.077,95 €	16.169,27 €
		Telefonista		1.077,95 €	16.169,27 €
		Persoal portería		1.077,95 €	16.169,27 €
		Persoal vixiante		1.077,95 €	16.169,27 €
		Recepcionista	36,17 €		16.455,99 €
		Persoal de limpeza (salario por hora)	4,92 €		
		Auxiliar en ruta	26,57 €		12.089,81 €
<b>Outros conceptos</b>		Compensación festas laborais (art.10c)	8,53 €		
		Plus presenza	119,17 €		
		Plus transporte	48,50 €		
		Dieta completa servizos regulares	42,03 €		
		Desglose:			
		Comida	13,22 €		
		Cea	13,22 €		
		Pernoctación	15,60 €		
		Dieta completa servizos discrecionais territorio nacional e Portugal	77,55 €		
		Desglose:			
		Comida	22,21 €		
		Cea	22,21 €		
		Pernoctación	33,01 €		
		Dieta estranxeiro (excepto Portugal)	100,26 €		
		Desglose:			
		Comida	30,07 €		
		Cea	30,07 €		
		Pernoctación	40,12 €		
		Quebranto moeda:			
		Manexo fondos ata 1.502,53	27,35 €		
		Manexo fondos dende 1.502,54	29,96 €		

## VIAXEIROS LUGO - Táboas 2023 definitivas (acordo autonómico Expte. AGA 51-23)

Aplicables dende 31 de decembro e con efectos retroactivos ó 1 de xaneiro de 2023

Subida 12,2% (8% + 4,2%)

			Salario diario	Salario mensual	Anual
<b>Grupo I</b>		Xefatura de servizo		1.766,62 €	26.499,35 €
		Inspección Principal		1.574,54 €	23.618,07 €
		Enxeñería e Licenciatura		1.640,59 €	24.608,88 €
		Enxeñería Técnica		1.310,48 €	19.657,23 €
		ATS		1.218,40 €	18.276,00 €
<b>Grupo II</b>		Xefatura de Sección		1.350,43 €	20.256,42 €
		Xefatura de Negociado		1.270,36 €	19.055,46 €
		Oficial 1ª		1.204,57 €	18.068,61 €
		Oficial 2ª		1.155,16 €	17.327,33 €
		Auxiliar administración		1.148,67 €	17.230,10 €
		Aspirante 16-17 anos		SMI	SMI
<b>Grupo III</b>		Xefatura de Estación 1ª		1.390,48 €	20.857,16 €
		Xefatura de Estación 2ª		1.337,09 €	20.056,29 €
		Xefatura de Admnsitración 1ª		1.393,57 €	20.903,61 €
		Xefatura de Administración 2ª		1.337,09 €	20.056,29 €
		Xefatura de Administración.		1.288,68 €	19.330,19 €
		Persoal de taquilla		1.126,28 €	16.894,25 €
		Factor	37,98 €		17.279,54 €
		Persoal encargado de consigna		1.126,28 €	16.894,25 €
		Repartición de mercadoría	37,36 €		16.996,53 €
		Mozo ou moza	37,36 €		16.996,53 €
		Xefatura de Tráfico de 1ª		1.400,42 €	21.006,35 €
		Xefatura de Tráfico de 2ª		1.337,09 €	20.056,29 €
		Xefatura de Tráfico de 3ª		1.283,72 €	19.255,76 €
		Inspectora ou inspector	40,61 €		18.478,92 €



		Persoal conductor	40,41 €		18.384,73 €
		Persoal conductor perceptor	40,41 €		18.384,73 €
		Persoal cobrador	37,57 €		17.096,17 €
		Persoal encargado Xeral de 1ª		1.390,48 €	20.857,16 €
		Persoal encargado Xeral de 2ª		1.337,09 €	20.056,29 €
		Persoal encargado almacén		1.283,74 €	19.256,10 €
		Persoal engraxador lavacoches	37,37 €		17.001,99 €
		Garda de día	37,37 €		17.001,99 €
		Garda de noite	37,37 €		17.001,99 €
		Moza ou mozo de taller		1.390,48 €	20.857,16 €
		Persoal encargado 1ª		1.390,48 €	20.857,16 €
		Persoal encargado 2ª		1.337,09 €	20.056,29 €
		Persoal engraxador	37,37 €		17.001,99 €
		Mozo ou moza de servizo	37,37 €		17.001,99 €
<b>Grupo IV</b>		Xefatura de taller		1.442,46 €	21.636,96 €
		Persoal encargado		1.268,40 €	19.025,93 €
		Persoal encargado de almacén		1.193,39 €	17.900,78 €
		Xefatura de equipo	42,31 €		19.248,78 €
		Persoal encargado Xeral		1.244,29 €	18.664,35 €
		Oficial 1ª persoal conductor	40,99 €		18.651,82 €
		Oficial 2ª	39,28 €		17.871,04 €
		Oficial 3ª	38,00 €		17.290,00 €
		Moza ou mozo de taller	37,00 €		16.834,09 €
		Aprendiz 1º, 2ª, 3ª y 4ª		SMI	SMI
<b>Grupo V</b>		Persoal cobrador de facturas		1.119,87 €	16.798,07 €
		Telefonista		1.119,87 €	16.798,07 €
		Persoal portería		1.119,87 €	16.798,07 €
		Persoal vixiante		1.119,87 €	16.798,07 €
		Recepcionista	37,57 €		17.096,17 €

		Persoal de limpeza (salario por hora)	5,12 €		
		Auxiliar en ruta	27,61 €		12.560,28 €
<b>Outros conceptos</b>		Compensación festas laborais (art.10c)	8,86 €		
		Plus presenza	123,80 €		
		Plus transporte	50,39 €		
		Dieta completa servizos regulares	43,67 €		
		Desglose:			
		Comida	13,73 €		
		Cea	13,73 €		
		Pernoctación	16,21 €		
		Dieta completa servizos discrecionais territorio nacional e Portugal	80,57 €		
		Desglose:			
		Comida	23,08 €		
		Cea	23,08 €		
		Pernoctación	34,30 €		
		Dieta estranxeiro (excepto Portugal)	104,16 €		
		Desglose:			
		Comida	31,24 €		
		Cea	31,24 €		
		Pernoctación	41,68 €		
		Quebranto moeda:			
		Manexo fondos ata 1.502,53	28,42 €		
		Manexo fondos dende 1.502,54	31,13 €		

R. 2116

## EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

### SECCIÓN DE ACTAS E GOBERNO

#### Anuncio

Resolucións da Presidencia da Excma. Deputación Provincial de Lugo, de data 29 de xuño de 2023, sobre cesamento de persoal eventual que textualmente din o seguinte:

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

JOSÉ MANUEL DÍAZ MIRAGAYA (DNI 76568677K)

En Lugo, sendo as 17.00 horas do día 10 de febreiro de 2017, reúnense nos locais da Confederación de Empresarios de Lugo [Pz. Santo Domingo, nº. 6-8, 2º] as persoas á marxe relacionadas, membros todas elas da Comisión Negociadora do Convenio Colectivo Provincial para As Industrias de Siderometalúrxica de Lugo e, despois das oportunas deliberacións, adóptanse os seguintes

**ACORDOS:**

Primeiro.- De conformidade co previsto no artigo 27 B) do Convenio Colectivo Provincial para As Industrias de Siderometalúrxica de Lugo con vixencia 2013-2017, para os supostos nos que tivera lugar no exercicio 2017 un exceso sobre a xornada anual de traballo de 1.776 horas, cada traballador disfrutará no ano 2017 como días inhábiles ou non laborables e retribuídos, nos termos indicados no texto do Convenio, os seguintes:

24 de xullo de 2017

13 de outubro de 2017

7 de decembro de 2017

Segundo.- Remitir a presente Acta de Acordo á autoridade laboral competente aos oportunos efectos legais, con tanta información e documentación resulte necesaria.

E en proba de conformidade, firman a presente Acta as persoas ao marxe relacionadas en lugar e data indicados no encabezamento.

Fdo.: Víctor Ferreiro Segade	Fdo.: Manuel Gómez Díaz	Fdo.: José Eduardo Fernández Vila
Fdo.: Manuel Montouto Illán	Fdo.: Fernando Fernández Fernández	Fdo.: Javier Fernández Trevín
Fdo.: Ignacio Pérez de Oliveira	Fdo.: Concepción Villar Varela	Fdo.: Luís Montouto Illán
Fdo.: José López López	Fdo.: José Luís López Álvarez	Fdo.: Alberto Pulpeiro Lombardero
Fdo.: José Hurtado Amador	Fdo.: Alberto Rey Valín	Fdo.: Manuel Paz Flores
Fdo.: José Miguel Díaz Eiroa	Fdo.: Ángel Soto Reigosa	Fdo.: Carlos García Vázquez
Fdo.: Luís Cardoso Balsa	Fdo.: Ramiro Fernández Rey	Fdo.: Xosé Manuel Rouco Ramos
Fdo.: Susana Riveira Fernández	Fdo.: Antonio González Pérez-Sindín	Fdo.: José Manuel Díaz Miragaya

R. 1372

*Anuncio*

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DE LUGO. SERVIZO DE TRABALLO E ECONOMIA SOCIAL

**CONVENIOS COLECTIVOS**

Visto o acordo, asinado o día 29 de marzo de 2017 pola comisión negociadora do convenio, sobre subrogación de persoal e polo que se engaden os artigos 45, 46, 47, 48, 49 e 50 ao Convenio Colectivo de Transporte de Viaxeiros por Estrada da provincia de Lugo (Código 27000515011982, publicado no BOP de data 22 de febreiro de 2014), e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos e acordos colectivos de traballo, ACORDO:

PRIMEIRO: Ordenar a inscrición do citado acordo no rexistro de convenios desta xefatura territorial, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 10 de maio de 2017.- A xefa territorial, Pilar Fernández López

**ACTA DE REUNIÓN DA COMISIÓN NEGOCIADORA DO CONVENIO COLECTIVO PROVINCIAL DE TRANSPORTE DE VIAXEIROS EN AUTOBÚS POR ESTRADA DA PROVINCIA DE LUGO. ANO 2013-2015**

Na cidade de Lugo, sendo ás 11,00 horas do día 29 de marzo de 2017, reúnense as persoas cuxos nomes e sinaturas se reflicten ó final do texto, as cales conforman a comisión negociadora de dito convenio colectivo, coa seguinte proposta de

**ORDE DO DÍA:**

**Punto único**.-Debate e aprobación, se procede, de incluír no texto do convenio, para que forme parte do mesmo, a todos os efectos, da modificación da subrogación do persoal.

Unha vez presentados os textos de modificación de subrogación de persoal, que se xuntan á presente acta, son debatidos e aprobados por unanimidade da comisión negociadora do convenio para a súa inclusión no mesmo e a posterior tramitación para á súa publicación a través da persoa que designe no seu momento o Consello Galego de Relacións Laborais. Designando a Eladio Romero Ares con DNI. 33.307.029-Q para os trámites de rexistro do presente acordo.

Sen máis puntos que tratar, levántase a sesión sendo ás 12,00 horas da data reflectida no encabezamento. Xúntanse os textos aprobados.

#### NOMES E SINATURAS

##### Representación sindical

- Cristian López Carmona (CIG)
- Miguel Reboiras Casais (UGT)
- Martín Martínez Figueiro (UGT)
- Marcos Pérez Rodríguez (CCOO)

##### Representación empresarial

- Luís Abeledo Fernández
- Víctor M. Fernández Rodríguez
- Antonio López Rodríguez
- Leando Arruti Baqueiro

**Único.-** Engadir ao Convenio Colectivo novos artigos sobre a subrogación do persoal, coa seguinte redacción:

#### **Art. 45. Subrogación do persoal.**

1.º O previsto no presente artigo e seguintes será de aplicación aos servizos de transporte regular permanente ou temporal de uso xeral, urbano ou interurbano, regular de uso especial de viaxeiros por estrada con vehículos de tracción mecánica de máis de nove prazas incluída a de condutor, e de estacións de autobuses prestados en réxime de contrato de xestión de servizo público ou por calquera das fórmulas de xestión indirecta de servizos públicos contempladas na Lei de Contratos do Sector Público. E todo iso con independencia de que a Empresa que preste ou vaia a prestar este tipo de servizos se dedique a outra actividade de transporte ou da industria ou os servizos.

O disposto no presente Convenio non prexulga a aplicación, cando cumpra, do regulado no artigo 44 do Estatuto dos Traballadores en orde á sucesión de empresas.

2.º O disposto neste Convenio en orde á sucesión e subrogación empresarial non será de aplicación nos supostos nos que a empresa saínte teña o carácter de Administración pública, estatal, autonómica, local ou institucional, nin cando se trate de empresas, entes ou organismos públicos dependentes de calquera das Administracións anteriormente citadas, salvo que as súas relacións laborais sexan reguladas polos convenios colectivos territoriais e/ou autonómicos do ámbito funcional do presente acordo.

3.º O presente título ten como finalidade regular a situación dos contratos de traballo dos empregados de empresas prestatarias saíntes adscritos a este tipo de transporte de viaxeiros que finalicen por transcurso do seu prazo de outorgamento, ou por calquera outra causa, e sexan obxecto dun novo procedemento de selección dun novo prestatario do servizo (empresa entrante). O regulado no presente convenio será de aplicación igualmente nos supostos nos que o servizo de transporte obxecto de licitación fose reordenado, unificado, modificado ou se lle dese outra denominación pola Administración titular.

4.º Aos efectos do presente artigo considérase «Condutor/a adscrito/a» a todo aquel/la, que realice o seu traballo de forma habitual nas rutas do servizo regular permanente ou temporal de uso xeral, urbano ou interurbano, de uso especial afectado. Non perde esta consideración o Condutor/a que puntualmente poida prestar servizos de transporte diferentes a aquel ao que se encontre adscrito, sempre que en termos de xornada anual, estes últimos servizos non superen o 20% da xornada máxima ordinaria prevista no convenio colectivo, para o período avaliado, contemplada proporcionalmente nos supostos de contratos a tempo parcial, nos últimos seis meses efectivamente traballados inmediatamente anteriores á data de vencemento da concesión.

5.º En relación co resto do persoal (taquilleiros, talleres, administración, xestión, explotación, loxística e demais departamentos ou seccións) pertencentes a outras categorías ou grupos profesionais, consideraranse adscritos ao servizo, e por iso suxeitos de subrogación, a aqueles empregados que desenvolvan a súa actividade, aínda que sexa en parte, no servizo afectado.

6.º En canto a dereitos de información e consultas, as empresas virán obrigadas a entregar aos seus representantes sindicais, documentación acreditativa dos traballadores e traballadoras adscritas en cada momento, a cada un dos contratos públicos que teñan adxudicadas, descritos nos apartados 4.º e 5.º anteriores. En ausencia de representación sindical, será entregado a cada traballador da empresa ao que se lle comunique

de maneira fehaciente dita adscrición. Así mesmo, en ausencia de representación sindical nas empresas, darase traslado á Comisión Paritaria deste Convenio da información facilitada ao Ministerio ou Administración correspondente a efectos de dotación de persoal adscrito ao contrato público, no momento que sexa solicitada por este. Nos ámbitos sectoriais inferiores poderanse regular e esixir estes mesmos procesos ou obrigación de información e consulta.

#### **Artigo 46. Vinculación.**

As disposicións contempladas nos correspondentes pregos de cláusulas administrativas, xurídicas, técnicas e económicas que disciplinen os correspondentes procedementos concursais, por o seu carácter de normas de contratación administrativas (e aínda que recollesen previsións en orde ao réxime de subrogación do persoal), non afectarán, ni restrinxirán a eficacia e carácter vinculante do regulado no presente convenio. Se nos devanditos pregos non se recollese cláusula nin disposición relativa á subrogación nos contratos de traballo dos empregados da empresa saínte, ou se establecese a non aplicación para determinados colectivos, -ou non se fixese referencias a eles ou non se mencionasen-, ou establecesen un número de traballadores inferior aos adscritos por aplicación do presente Convenio, será igualmente vinculante en toda a súa integridade o previsto no presente Convenio, pola súa natureza vinculante na orde laboral, e para os traballadores afectados pola subrogación. Tanto nun como noutro caso, a subrogación terá carácter obrigatorio para as empresas e os traballadores afectados nos termos que se contemplen nos repetidos pregos e no presente Convenio, excepto resolución xudicial pola que se demostre dolo, mala fe ou unha práctica irregular na adscrición de traballadores ao contrato suxeito a cambio de operador. Aos efectos do presente artigo entenderase como «práctica irregular na adscrición» o feito de que un traballador, estando adscrito a un servizo determinado (todo iso nos termos definidos en o artigo 45-4.º), non sexa considerado tal ou se adscriba a un servizo diferente.

#### **Artigo 47. Antigüidade.**

A) Cando se produza a sucesión dun novo operador de transporte por finalización, calquera que sexa a causa, do servizo de transporte regular permanente ou temporal de uso xeral (urbano ou interurbano), uso especial, ou estación de autobuses producirase a subrogación pola empresa entrante nos contratos de traballo dos empregados adscritos ao servizo, que acrediten polo menos seis meses de antigüidade no contrato afectada da Empresa saínte, computándose o prazo na data de finalización da vixencia da concesión anterior, todo elo nos termos previstos no artigo 44 do Estatuto dos Traballadores e de conformidade co regulado nos artigos seguintes, e con independencia de que o operador entrante reciba ou non os medios materiais e instalacións utilizados polo operador saínte. O servizo de transporte regular permanente de uso xeral (urbano ou interurbano), de uso especial ou temporal considerárase como unidade produtiva e económica con entidade e autonomía propias aos efectos previstos no artigo 44.2 do Estatuto dos Traballadores.

B) Non se aplicará o período de seis meses de antigüidade - e por elo quedarán afectados pola subrogación - aos traballadores da empresa saínte vinculados con contratos de substitución por xubilacións parciais, nin aos vinculados con contratos de interinidade subscritos para substituír a traballadores en baixa/ permiso por maternidade/paternidade, incapacidades temporais, nin a aqueles que se tivesen incorporado para substituír baixas voluntarias, xubilacións totais, excedencias voluntarias, suspensións do contrato con reserva do posto de traballo, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez ou por falecemento dun traballador.

C) Tampouco operará o límite temporal dos seis meses - e por elo quedarán afectados pola subrogación - aqueles traballadores que se incorporaron ao servizo afectado, no lapsus temporal comprendido entre o vencemento do anterior contrato e o inicio efectivo do seguinte, sempre que concorran de forma acumulada as seguintes circunstancias:

- Que o traballador pertenza ao mesmo grupo profesional, coa mesma ou menor antigüidade media que os restantes traballadores obxecto de subrogación do seu mesmo Grupo, e o custo empresa do traballador, en termos de xornadas equivalentes, sexa semellante ao destes últimos.

- Que o traballador, polo menos, teña unha antigüidade de dous meses inmediatamente anteriores ao iniciou efectivo da prestación do servizo polo novo operador. Esta antigüidade mínima tampouco será exixible nos casos establecidos na letra B) anterior.

- Que se manteña constante o número total de traballadores do mesmo Grupo existentes no momento do vencemento do contrato, medidos en termos de xornada, do servizo.

D) A natureza temporal - no seu caso- ditos contratos, determinada pola causa que os orixinou, non se desvirtuará polo feito de que opere a subrogación, polo que se extinguirán na data pactada nos mesmos.

#### **Artigo 48. Obrigacións da empresa saínte.**

Sen perxuício do dereito á subrogación dos traballadores e a obrigación de subrogación nos contratos de traballo contemplada neste Convenio, a Empresa saínte, nos cinco días seguintes á adxudicación do servizo subministrara á empresa entrante en papel e en soporte informático, a seguinte documentación e información:

- Unha relación de traballadores obxecto de subrogación, con copia dos seus contratos de traballo, as seis últimas nóminas devengadas e copia das condicións ou pactos existentes con cada un deles - de existir -.

- De igual forma entregará información do salario bruto anual, categoría, posto de traballo e grupo profesional de cada un deles, diferenciando por conceptos, tipo de contrato, antigüidade, fecha de obtención ou renovación do CAP – cando sexa de aplicación –.

- Copia da comunicación entregada á representación dos traballadores da Empresa saínte, co acuse de recibo, sobre a adxudicación do servizo, expresando co debido detalle a identidade do novo adxudicatario, identidade dos traballadores obxecto de subrogación e pactos escritos ou non escritos, individuais ou colectivos, existentes e comunicados á Empresa entrante.

- A Empresa entrante non será responsable nin asumirá as condicións laborais non reflectidas en acordos ou pactos colectivos ou individuais que non lle tivesen sido comunicados por a Empresa saínte nos termos establecidos no apartado anterior, ou non se atopen incluídos no Expediente administrativo de Contratación. Quedarán en todo caso a salvo os dereitos e as accións extraxudiciais ou xudiciais que puidesen asistir, tanto dos traballadores como da Empresa entrante, por causa da defectuosa ou inexacta información e documentación achegada pola empresa saínte.

As previsións contidas no presente artigo 48 aplícanse e son de obrigatoria observancia, exclusivamente, para as empresas saínte e entrante, e en ningún modo prexudicarán os dereitos e accións que a cada traballador, individualmente, lle asistan para reivindicar as súas condicións laborais, xa sexan económicas ou doutra índole.

A empresa saínte, neste trámite de información e entrega de documentación, axustarase á subministrada no expediente de licitación á Administración contratante. Se nos pregos ou no procedemento de licitación, non se recollese cláusula nin disposición relativa á subrogación nos contratos de traballo dos empregados da empresa saínte, ou se establecese a non aplicación para determinados colectivos, -ou non se fixese referencias a iso ou non se mencionasen-, ou establecesen un número de traballadores inferior aos adscritos por aplicación do presente Convenio, será igualmente vinculante en toda a súa integridade o previsto no presente Convenio Colectivo e para os traballadores afectados pola subrogación, entendéndose por tales nese caso, aos traballadores definidos nos apartados 4.º e 5.º do artigo 45.

#### **Artigo 49. Obrigações da empresa entrante.**

A empresa entrante cursará o alta na Seguridade Social dos traballadores obxecto de subrogación con efectos, desde o mesmo día no que inicie de forma efectiva a prestación do servizo do que resulte adxudicataria. De ser necesaria a realización de procesos de formación ou reciclaxe para a adaptación dos traballadores subrogados aos novos sistemas de organización do servizo ou do uso dos vehículos, corresponderalle á Empresa entrante.

#### **Artigo 50. Efectos da subrogación.**

A subrogación contractual surtirá efectos no ámbito laboral (obrigacións económicas e de seguridade social), para a Empresa saínte, no día no que cese de prestar efectivamente o servizo, e para a Empresa entrante, o día de inicio da prestación efectiva do servizo (ou na fecha do Acta de inauguración do servizo levantada pola Administración concedente, de existir). Todas as obrigações de natureza económica -sexan salariais ou extra salariais- e de Seguridade Social, relativas aos traballadores afectados pola subrogación, serán por conta da Empresa saínte ou da Empresa entrante, ata e a partir das datas indicadas no presente artigo. Se polos Tribunais, de calquera orde, se establecese en sentenza firme outro momento temporal para imputar as correspondentes obrigações a unha ou outra empresa, estarase ao indicado na mesma, sen perxuício do dereito de repetición que puidera asistir a calquera de elas en base aos momentos temporais aquí pactados.

Cristian López Carmona (CIG)

Miguel Reboiras Casais (UGT)

Martín Martínez Figueiro (UGT)

Marcos Pérez Rodríguez (CCOO)

Luís Abeledo Fernández

Leandro Arruti Baqueiro

Víctor M. Fernández Rodríguez

Antonio López Rodríguez

R. 1373

#### *Anuncio*

**Resolución do 27 de marzo de 2017, da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de Lugo pola que se autoriza, se aproba o proxecto de execución e se declara a utilidade pública, en concreto, para os efectos da urxente ocupación, a instalación eléctrica “LATS 20 kV. evacuación parque eólico Canedo”, no concello de Mondoñedo (Expediente 020/2011 AT).**

Examinado o expediente instruído a instancia da empresa Galfor Eólica S.L., con enderezo para os efectos de notificación no parque empresarial Alvedro, R/E 8, 15180 Culleredo, A Coruña, aprécianse os seguintes

#### **Antecedentes de feito.**



### XUNTA DE GALICIA

#### XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

##### Anuncio

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DE LUGO. SERVIZO DE TRABALLO E ECONOMIA SOCIAL

##### CONVENIOS COLECTIVOS

Visto o acordo de revisión salarial para o ano 2015 do Convenio Colectivo de Transporte de Viaxeiros por estrada da provincia de Lugo (Código 27000515011982), asinado o día 27 de marzo de 2015 pola representación empresarial e os representantes das organizacións sindicais UGT e CCOO, e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto lexislativo 1/95, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos e acordos colectivos de traballo, ACORDO:

PRIMEIRO: Ordenar a inscrición da revisión salarial do citado convenio colectivo no rexistro de convenios desta xefatura territorial, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 05 de maio de 2015.- O xefe territorial, Alberto Linares Fernández

#### **ACTA DE APROBACIÓN E SINATURA DAS TÁBOAS SALARIAIS CORRESPONDENTES AO ANO 2015, DO CONVENIO COLECTIVO DE TRANSPORTE DE VIAXEIROS POR ESTRADA DA PROVINCIA DE LUGO**

Nos locais da Asociación Provincial de Empresas de Transporte de Viaxeiros por Estrada da provincia de Lugo, sito na Estación de Autobuses de Lugo, reúnense as persoas que a continuación se relacionan, en representación das UGT e CCOO e da Asociación de Empresarios, ás 13:00 horas do día 27 de marzo de 2015.

Representación sindical:

- Miguel Reboiras Casais (UGT)
- Martín Martínez Figueira (UGT)
- Oscar Vázquez Vázquez (UGT)
- Marcos Pérez Rodríguez (CCOO)

Representación empresarial:

- Luis Abeledo Fernández
- José Manuel Lado Lestón

**Orde do día: Aprobación e sinatura das táboas salariais correspondentes ao ano 2015, do Convenio Colectivo de Transporte de Viaxeiros por estrada da provincia de Lugo.-**

Unha vez comprobadas as táboas salariais, que se xuntan á presente acta, apróbanse por unanimidade.

Asinan a presente acta as persoas asistentes á xuntanza, que representan ás organizacións asinantes do convenio colectivo de referencia, sendo as 14:00 horas da data reflectida no encabezamento.

Miguel A. Reboiras Casais (UGT)

Luis Abeledo Fernández

Oscar Vázquez Vázquez (UGT)

José Manuel Lado Lestón

Martín Martínez Figueiro (UGT)

Marcos Pérez Rodríguez (CCOO)

## TÁBOAS SALARIAIS 2015

Categoría Profesional	Diario	Mensual	Anual
GRUPO I			
Xefe de servizo		1.534,63	23.019,52
Inspector Principal		1.367,77	20.516,57
Enxeñeiro e Licenciado		1.425,15	21.377,23
Enxeñeiro Técnico		1.138,39	17.075,84
ATS		1.058,40	15.876,07
GRUPO II			
Xefe de Sección		1.173,09	17.596,34
Xefe de Negociado		1.103,54	16.553,23
Oficial 1ª		1.046,39	15.695,93
Oficial 2ª		1.003,46	15.051,91
Auxiliar administrativo		997,83	14.967,41
Aspirante 16-17 anos		S.M.I.	
GRUPO III			
Xefe de Estación 1ª		1.207,88	18.118,25
Xefe de Estación 2ª		1.161,50	17.422,71
Xefe de Admnsitración 1ª		1.210,57	18.158,47
Xefe de Administración 2ª		1.161,50	17.422,71
Xefe de Administración.		1.119,45	16.791,78
Taquilleiro		978,38	14.675,76
Factor	32,99		15.011,24
Encargado de consigna		978,38	14.675,70
Repartidor de mercadoría	32,45		14.779,03
Mozo	32,45		14.769,89
Xefe de Tráfico de 1ª		1.216,52	18.247,75
Xefe de Tráfico de 2ª		1.161,50	17.422,71
Xefe de Tráfico de 3ª		1.115,14	16.727,03
Inspector	35,28		16.200,36
Conductor	35,10		15.970,22
Conductor perceptor	35,10		15.970,22
Cobrador	32,64		14.857,02
Encargado Xeral de 1ª		1.207,88	18.118,25
Encargado Xeral de 2ª		1.161,50	17.422,71
Encargado almacén		1.115,16	16.727,20
Engraxador lavacoches	32,46		14.779,03
Guarda de día	32,46		14.779,03
Guarda de noite	32,46		14.779,03
Mozo de taller		1.207,88	18.118,25
Encargado 1ª		1.207,88	18.118,25
Encargado 2ª		1.161,50	17.422,71
Engraxador.	32,46		14.779,03
Mozo de servizo	32,46		14.779,03
GRUPO IV			
Xefe de taller		1.253,04	18.795,58
Encargado		1.101,83	16.527,31
Encargado almacén		1.036,67	15.550,01
Xefe de equipo	36,75		16.719,50
Encargado Xeral		1.080,89	16.213,23



Oficial 1ª conductor	35,61		16.200,36
Oficial 2ª	34,12		15.520,66
Oficial 3ª	33,01		15.022,45
Mozo de taller	32,14		14.266,70
Aprendiz 1º, 2ª, 3ª y 4ª		S.M.I.	
GRUPO V			
Cobrador de facturas		972,81	14.592,13
Telefonista		972,81	14.592,13
Porteiro		972,81	14.573,85
Vixiante		972,81	14.573,85
Recepcionista	32,64		14.857,02
Limpiador/a.	4,44 €/hora		
Auxiliar en ruta	23,98		10.912,63

R. 1944

## EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

### SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO

#### Anuncio

Aprobada pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria do día 08 de maio de 2015 a proposta relativa á aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán a contratación da SUBMINISTRACIÓN DE FORRAXE E PRODUCTOS DESTINADOS A ALIMENTACIÓN E BENESTAR (CAMAS) DO GANDO VACÚN DA GRANXA GAYOSO CASTRO.

#### ENTIDADE ADXUDICADORA:

- a) Organismo: Deputación Provincial de Lugo.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Fomento.
- c) Nº de expediente: EXP0006SU15-ABO.
- d) Domicilio: San Marcos 8.
- e) Localidade e código postal: Lugo 27001.
- f) Teléfono: 982260190.
- g) Correo electrónico: contratacion@deputacionlugo.org
- h) Dirección de Internet de perfil de contratante: <http://www.deputacionlugo.org/>.

#### 1. OBXECTO DO CONTRATO:

- a) Tipo: Subministro.
- b) Descrición: subministración de forraxe para a alimentación do gando vacún da Granxa Gayoso Castro, e de material de cama para o gando garantindo un estado de saúde idóneo para os animais e a súa produtividade e operatividade, como canle para acadar os fines e obxectivos perseguidos na Granxa Gayoso Castro de mellora xenética da Cabana de vacún dos gandeiros desta Provincia
- c) Duración: Un ano contado a partir da sinatura da acta de inicio do contrato, ou no seu defecto, dende a formalización do contrato en documento administrativo, sendo posible a prórroga, de conformidade co establecido no artigo 23 do TRLCSP, sen que a duración total do mesmo, incluída a prórroga, exceda de dous anos
- d) Admisión de prórroga: Posibilidade de prórroga sen que a duración total do contrato exceda de dous anos.
- e) CPV: 03114000-3 "Paja y plantas forrajeras".  
15700000-5 "Alimentos para el ganado".

#### 2. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO:

- a) Tramitación: Ordinaria por LOTES.